

A

18 e 19 de Xuño do 2015

# RE\_INVENCIÓN DOS COMÚNS:

Obradoiro 16 h. 1 crédito ECTS. Facultade de Filosofía da USC (Praza de Mazarelos, Santiago de Compostela).

## 0. PRESENTACIÓN:

“Aquí e agora” os comúns están a se re-inventar: nos *nosos* montes, nas *nosas* casas e (non) cidades, no dixital como espazo virtual que nos reconecta coa tradición facedora de futuros. A re(invención) remite a unha temporalidade que non é a liña abstracta do progreso, senón o lugar dunha memoria por vir, que desborda a oposición entre o “local” e o “global” nun reaparecido territorio post-capitalista, feito e desfeito por todos os estratos e restos que o preceden. A re-invencción dos comúns fai alusión a certas zonas singulares e irredutíbeis: territorios, corpos e comunidades reais que non son susceptíbeis de representación e que, precisamente por iso, apelan a unha reflexión constante que lles faga xustiza.

Desta vez, proxecto derriba non estamos soas; atopámonos xunto con outras comunidades singulares: Alg-a laboratório, Montenoso, Ergosfera. Dende este lugar de encontro queremos convidaros a pensar outros modos de habitar, de novo, *o lugar*, que cuestionen a lóxica temporal do propio.

## 1. OBXECTIVOS:

- Reflexionar sobre a emerxencia actual dos bens comúns como modos alternativos de propiedade fronte a dicotomía público/privado dende a especificidade da situación galega.
- Conectar as prácticas contemporáneas no eido das novas tecnoloxías (especialmente o software libre e os modelos de produción *peer to peer*) e as prácticas de xestión de recursos propias da cultura tradicional, coa fin de visibilizar e potenciar a súa difusión.
- Valorizar elementos da cultura popular galega habitualmente esquecidos ou ignorados nos discursos e prácticas hexemónicas.
- Desenvolver modelos de investigación interdisciplinar e interinstitucional atendendo aos cruzamentos entre a investigación académica e outras prácticas culturais.
- Favorecer o diálogo entre distintas disciplinas (filosofía, arquitectura, antropoloxía, teoría da información etc.) para elaborar un saber común a altura da complexidade do mundo

contemporáneo, nun momento no que parece máis necesario que nunca reartellar as relacións entre o local e o global.

## 2. PROGRAMA DO CURSO

Día 18

**10 a 10: 30 .Presentación. Re-inventando os comúns: cultura dixital e territorio.**

**10: 30 a 13:30. 1º nodo: Cultura dixital e culturas antergas; recuperando a matriz. Man\_Hauser (Alg-a Laboratório).**

A Cultura Dixital recupera aspectos fundamentais das Culturas tradicionais/ancestrais, até o punto de voltar ao seu mesmo centro: a terra, o cosmos como baleiro nuclear e potencial, xa estaba nas cosmovisións primitivas. Semella que a era dixital desenvolve unha ontoloxía moi semellante, como rede ou matriz de usuari@s, receptores do coñecemento, traspasando a noción de autoría e propiedade que imperaba dende a era moderna até na Sociedade do Espectáculo no S.XX. Repasaremos plantexamentos de Deleuze-Guattari e P. Levy entre outros, a través de conceptos como os de matriz, potencia, espazo antropolóxico ou virtualidade.

**16: 30 a 19: 30 . 2º nodo: Os montes veciñais en man común facedores de posibilidades e futuros. Colectivo Montenoso.**

Hai casos de propiedade alén da dicotomía público/privado? Que son os MVMC (montes veciñais en man común) e como transferir esta fonte de coñecemento centenario a outros eidos? A través deste obradoiro teórico-práctico Montenoso afonda na idea de que os comúns son facedores de posibilidades e de futuros. É preciso, polo tanto, mediar conexións entre axentes diversos e activar estratexias de contaxio.

Para iso abre distintos regos de cuestións arredor da realidade dos MVMV: a gobernanza, a lexislación, os conflitos ou a súa multifuncionalidade, poñendo o foco no concepto "propiedade temporal". Xs participantes do obradoiro irán sachando estes temas a través do *Xogo do mancomún*.

**19: 30 a 20: 30. Debate.**

Día 19

**9:30 a 11:00. Charla: Comunidades imposíbeis. Unha proposta política virtual e común. Abraham Rubín (Proxecto Derriba).**

Nesta charla tentaremos problematizar a diferenza entre posibilidade e virtualidade para ver como a escolla entre ambas pode dar lugar a unha opción política baseada no transcendente, no inmanente ou nunha visión unívoca do ser. Isto delimitará a construción do concepto de común que se poida facer desde unha proposta política.

**11:00 a 14:00. 3º nodo: Os comúns nunca están rematados. Os territorios e cousas urbanas**

## **tampouco. Ergosfera.**

O non-rematado é un dos principais inimigos da razón do estado e do mercado á hora de controlar e capitalizar o mundo físico. A partir da hipótese de que a dialéctica degradación-emerxencia pode ser unha fórmula plausible para comprender a xeración de exterioridade, faremos un percorrido polos territorios e cousas urbanas sen rematar máis presentes en Galicia, e pensaremos algúns dos chamados “feísmos” coma máquinas con múltiples atributos non estéticos que fomentan a infiltración da diferenza e dos comúns na vida contemporánea.

### **16:30 a 18:30. 4º nodo: Máis aló da débeda: subversións feministas do eco-nómico. Proxecto Derriba.**

Re-inventar o común dende as diferenzas é o gran reto que o feminismo nos propuxo a todxs. De feito, os comúns por vir percorren a modo de núcleo errático o pensamento feminista recente, conectando a performatividade do xénero como pensamento da vida precaria e a renovada reivindicación dos “coidados” como núcleo agochado da (re)producción capitalista. A afirmación da vida nas diferenzas comúns implica subverter a determinación moderna do económico, cuxa deriva máis radical é a imposición da “lóxica” da débeda como modo específico de gobernanza das poboacións e a redución de corpos e lugares a dicotomía propio/non propio. Fronte a esa economía da débeda, tentaremos seguir a traxectoria do pensamento feminista do común para unha figura distinta do *oikos* que nos permita artellar “aquí e agora” o lugar dun máis aló da débeda.

#### **LIGAZÓNS:**

<http://www.usc.es/cultura/veran/>

<https://rede.imaxinaria.org/groups/profile/19872>

<http://www.lab.alg-a.org/>

<http://montenoso.net/>

<http://www.ergosfera.org/>

<http://proxectoderriba.org/>